

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27 de febreiro de 2024 segundo borrador da sesión asinado en data 22 de febreiro de 2024.

Esténdese a presente dilixencia para constancia, coa sinatura dixital do Sr. Alcalde-Presidente e do Secretario municipal.

Visto e prace
(Asinado dixitalmente)

O secretario municipal
(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D^a. Cristina Pardo Portos
D. Carlos Liñares Gestal
D^a. María Penélope López Díaz
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D^a. Marta María Figueroa Fuentes
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez

Grupo municipal do PP:

D^a. Izaskun García Gorostizu
D. Marco Antonio Pazos Regueiro
D. Juan Carlos Leites Maneiro
D. José Antonio Golpe Faraldo
D^a. Vanesa Fernández González
D. Antonio Bouza Teijeiro
D. Manuel Núñez Seoane

Grupo municipal do BNG:

D. Enrique Antonio Chouciño Garrido
D. Gonzalo Méndez Mosqueira
D. Xabier Fernández Villarrenaga Vázquez

Grupo municipal AA.VV.:

D^a. Indrani Thais Palla Maceiras
D. Miguel Fraga Pulleiro

Secretario:

D. Francisco Javier Varela Tejedor, secretario xeral accidental do Concello

Non asistentes con excusa:

D^a. Marta María Iglesias Becerra (PSdG-PSOE)
D^a. María Beatriz Pérez Mosquera (BNG)

C.I.F. P-1503100-H

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás nove horas e trinta minutos (09:30 h) do día vinte e oito de decembro de dous mil vinte e tres (28/12/2023), reúnese en sesión extraordinaria urxente o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto por resolución núm. 2535 do 27/12/2023, as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos polo Secretario xeral accidental do Concello, don Francisco Javier Varela Tejedor.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

Advirte de que hai un erro no punto número 2 da convocatoria e procede á súa corrección no seguinte senso:

Onde di:

“2.- EMENDA AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA ADOPTADO EN SESIÓN DE 20 DE DECEMBRO DE 2023 RELATIVO Á PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS DERIVADO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2022. (EXPTE. UEH/2023/28)”

Debe dicir:

“APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS DERIVADO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2022. (EXPTE. UEH/2023/28)”

C.I.F. P-1503100-H

Di que os puntos son os que xa estaban enriba da Mesa tal e como se acordou na sesión plenaria anterior coa emenda ao ditame que presenta o equipo de goberno por escrito que foi incorporado á orde do día.

Di que o primeiro é pronunciarse sobre a urxencia da sesión, sendo o motivo que, de chegar a un acordo e aprobarse os puntos incluídos na orde do día da sesión, hai que publicalos no Boletín Oficial da Provincia antes das 12 horas.

O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, di que, por unha cuestión de orde, hai que aclarar ben o que vén de dicir o Sr. alcalde xa que houbo un erro na convocatoria e hai que ver como se recompón, deixando moi claro o que se vai someter a debate e votación porque o que di a convocatoria é que se vai votar unha emenda, ou sexa, unha parte do que na sesión anterior quedou enriba da Mesa polo que o primeiro é deixar moi claro o que corrixe o Sr. alcalde para pronunciarse sobre a urxencia da sesión.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde e di que se retoma o pleno do pasado martes nos puntos 2 e 3, que foi nos que se deixou o Pleno, correspondendo o punto número 2 a “Aprobación definitiva do expediente de suplemento de crédito e crédito extraordinario financiado co remanente líquido de Tesouraría para gastos xerais derivado da liquidación do orzamento de 2022. Resolución de alegacións”, e o punto número 3 a “Resolución de discrepancias de reparos da Intervención”.

Hai unha emenda presentada por escrito da que se dará conta no momento do debate ao igual que poden facer o resto dos grupos e que foi o que deu lugar ao erro referido que, pola urxencia que require o punto, pódese subsanar no propio pleno.

O que se vai votar son os puntos que no pasado pleno quedaron enriba da Mesa e no momento do debate onde quedou, que foi en saber se se aceptaba a emenda presentada polo BNG, coa conclusión que había de que con ela o Concello ía a un nivel de vinculación 2.5 ou a un nivel de vinculación doutro tipo; pediuse un informe á Interventora xeral e aos servizos económicos do Concello, que está a disposición de toda a Corporación, e sobre este punto vaise producir o debate.

Tívoise que convocar o Pleno de maneira urxente xa que non era posible cumprir cos dous días hábiles que require a lexislación para a convocatoria non urxente.

1.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do Sr. alcalde de declarar a urxencia desta sesión, resultando aprobada por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes (19).

2.- APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS DERIVADO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2022. (EXPTE. UEH/2023/28).

O Sr. alcalde fai uso da palabra e di que se retoma o debate neste punto iniciado na sesión plenaria anterior na que o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo presentou unha emenda respecto do nivel de vinculación solicitando a retirada do punto número 1 da proposta presentada; desde o grupo de goberno preséntase unha emenda alternativa e pediuse un informe á interventora sobre o nivel de vinculación a dous díxitos, clasificación por programas e clasificación económica, a fin de non bloquear totalmente os pagamentos no orzamento coas explicacións que xa se deron na anterior sesión porque sería moi complicado facer pagos como nóminas, luz, etc; di que se o nivel de vinculación que se propón para o ano 2023, que é similar ao doutros concellos de similar tamaño e ao establecido nas bases de execución da Deputación, non parece o máis axeitado, poderá acordarse un distinto para vindeiros exercicios; desde a Intervención municipal aconsellan que se faga efectivo a partir do 1 de xaneiro do 2024.

A continuación a Presidencia abre unha quenda de **DEBATE** no momento en que quedou no pleno anterior.

Solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que o seu Grupo xa manifestou o sentido do seu voto no pleno anterior e queren, dado que hoxe o debate está centrado na emenda que presentaron os compañeiros do BNG, quere escoitar o que este Grupo ten que dicir ao respecto antes de pronunciarse neste punto.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que este tema se está a prolongar moitísimo, con moitas voltas e reviravoltas, e que ten que quedar perfectamente claro que é o que se vai someter a aprobación e, dado que a proposta que se sometía a debate e votación no anterior pleno ocupa soamente caraña e media, propón que o Sr. secretario a lea para saber o que se propón e que se lea tamén a emenda proposta polo goberno municipal para que se saiba tamén a que se refire e quede recollido na acta que é o que se está a votar; que haxa un erro deste calibre cando na sesión anterior o goberno municipal fixo un receso no pleno para deliberar sobre esta cuestión e traer dous días despois de extrema urxencia unha cuestión que o goberno municipal debiera ter como de máxima importancia require que se explique ben que é o que se está a votar; propón que o Sr. secretario lea a proposta e a emenda e cal sería o texto definitivo que se somete a debate e votación antes de entrar a discutir o fondo.

Deseguido o Sr. secretario municipal accidental procede á lectura da proposta de acordo recollida na proposta da Alcaldía de data 15/12/2023 (código de documento UEH17I00A3) que se presenta neste punto, que literalmente se transcribe:

“PROPOSTA

Aprobación definitiva de expediente de suplemento de crédito e crédito extraordinario financiado co Remanente Líquido de Tesouraría para gastos xerais derivado da liquidación do Orzamento de 2022.

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 31 de outubro de 2023, aprobou inicialmente un expediente de crédito extraordinario e de suplemento de crédito, modificando así o Orzamento da Entidade para o exercicio de 2023.

No Boletín Oficial da Provincia de A Coruña de 16 de novembro de 2023 publicouse o anuncio da devandita aprobación inicial do orzamento e da apertura dun prazo de quince días hábiles durante o que os interesados puideron examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Durante o devandito prazo, presentáronse as seguintes reclamacións contra a aprobación da devandita modificación:

- Escrito de alegacións presentado por dona María Esther Zas Prado. Rexistro de entrada 13173 de 11 de decembro de 2023*
- Escrito de alegacións presentado por don José Miguel Edreira Martínez. Rexistro de entrada 13186 de 11 de decembro de 2023*

Visto o informe (código de documento UIT17I021I) emitido pola interventora xeral que constan no expediente, as mesmas non son susceptibles de admitirse a trámite, ou no seu caso desestimarse, por non atoparse dentro dos supostos establecidos no artigo 170.2 do TRLFL.

O acordo de aprobación inicial do modificativo de crédito incluíu unha emenda por medio da cal se modificou o apartado 1 da base 3 das bases de execución do orzamento, que quedou redactada so seguinte forma:

“BASE 3. Nivel de vinculación xurídica dos créditos.

1. Establécese como nivel de vinculación xurídica dos créditos, o subprograma a nivel de clasificación por programas e a partida a nivel da clasificación económica.”

Visto o informe (código de documento UIT17I021S) emitido pola interventora municipal no que pon de manifesto que “NON é posible garantir a plena execución do acordo adoptado, sen garantir, a súa vez, que podan ser solventadas todas as consecuencias expostas derivadas do mesmo”, considérase que o máis acaído é deixar sen efecto a devandita modificación e, no seu lugar, adoptar o acordo de que con cargo á modificación só se poidan executar os gastos determinados especificamente no acordo de aprobación inicial.

En base a todo o cal PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Coa finalidade de evitar os problemas postos de manifesto pola interventora no seu informe con código de documento UIT17I021S, deixar sen efecto a modificación da base 3ª das de execución do orzamento acordada polo Pleno na sesión celebrada o 31 de outubro de 2023 e establecer que os créditos incrementados como consecuencia da entrada en vigor do crédito extraordinario e do suplemento de crédito non incrementen o saldo da bolsa de vinculación na que estean incluídos, de tal forma que con cargo aos mesmos só poidan ser executados os gastos específicos e determinados detallados no acordo de aprobación inicial. A tales efectos, no momento en que entre en vigor a modificación do orzamento practicaranse as correspondentes retencións de crédito nas partidas orzamentarias afectadas e polos importes da modificación acordada con cargo ás que só poderán ser autorizados os gastos que foron determinados no acordo de aprobación inicial.

Segundo.- Rexeitar as alegacións presentadas xa que a elaboración e aprobación da modificación do Orzamento axustouse aos trámites establecidos na Lei das Facendas Locais, non omite o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á Entidade Local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo nen os ingresos manifestan insuficiencia con relación aos gastos presupostados ou ben destes respecto ás necesidade para as que estea previsto.

Terceiro.- Aprobar definitivamente a concesión dun crédito extraordinario e dun suplemento de crédito por medio da cal se modifica o orzamento para o exercicio 2023.”

A continuación o Sr. alcalde procede á lectura da emenda presentada polo equipo de goberno, de data 27/12/2023, que literalmente se transcribe:

“EMENDA AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA ADOPTADO EN SESIÓN DE 20 DE DECEMBRO DE 2023 RELATIVO Á

6 de 26

PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS DERIVADO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2022

De conformidade co disposto no artigo 97 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e en aras atopar un consenso entre a determinación do nivel de vinculación xurídica dos créditos do orzamento dun xeito compatible coa axeitada xestión dos mesmos, tal e como puxo de manifesto a intervención municipal, esta alcaldía presenta a seguinte

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA ADOPTADO EN SESIÓN DE 20 DE DECEMBRO DE 2023 RELATIVO Á PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS DERIVADO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2022

No acordo primeiro do ditame, onde di:

Primeiro.- Coa finalidade de evitar os problemas postos de manifesto pola interventora no seu informe con código de documento UIT17I021S, deixar sen efecto a modificación da base 3ª das de execución do orzamento acordada polo Pleno na sesión celebrada o 31 de outubro de 2023 e establecer que os créditos incrementados como consecuencia da entrada en vigor do crédito extraordinario e do suplemento de crédito non incrementen o saldo da bolsa de vinculación na que estean incluídos, de tal forma que con cargo aos mesmos só poidan ser executados os gastos específicos e determinados detallados no acordo de aprobación inicial.

A tales efectos, no momento en que entre en vigor a modificación do orzamento practicaranse as correspondentes retencións de crédito nas partidas orzamentarias afectadas e polos importes da modificación acordada con cargo ás que só poderán ser autorizados os gastos que foron determinados no acordo de aprobación inicial.

Pasará a dicir:

Primeiro.- Coa finalidade de evitar os problemas postos de manifesto pola interventora no seu informe con código de documento UIT17I021S, modificar o apartado 1 da base 3 das bases de execución do orzamento, que pasará a ter a seguinte redacción

“BASE 3. Nivel de vinculación xurídica dos créditos.

1. Establécese como nivel de vinculación xurídica dos créditos, a política de gasto a nivel de clasificación por programas (código de dous díxitos) e o artigo a nivel da clasificación económica (código de dous díxitos).”

C.I.F. P-1503100-H

Di que, en resumo, o que vén dicir a Sra. Interventora no seu informe para chegar a esta conclusión e presentar esta emenda é que calquera outro sistema superior ao que veñen de emendar para o punto número 1 produciría un bloqueo total e absoluto e ter que traer cada mes ao pleno diferentes gastos que enlentecerían moito a execución do orzamento e o pago de servizos como pagos ao persoal, etc., do Concello, sobre todo tendo en conta que se está a finais de ano. Di que, en aras igualmente de que no vindeiro trimestre debера estar aprobado, co consenso de todos os grupos que conforman a Corporación municipal, o orzamento para o vindeiro exercicio 2024, poderíase establecer igualmente este nivel de vinculación ou outro que non estableza ningún bloqueo, buscándoo con tempo, e tratar de que nas bases de execución do orzamento, de forma xenérica, se estableza xa este nivel de vinculación; explica que o nivel de vinculación é o sistema co que se dotan as diferentes partidas orzamentarias, que no presuposto municipal son un total de 1200, polo que o nivel de vinculación solicitado polo BNG provocaría ter que estar constantemente dotando e incrementando as partidas orzamentarias e, unha vez que as houbera que dotar por segunda vez, habería que traelas ao pleno cos seguintes períodos de alegacións establecidos pola Lei, o que nun pago corrente encarecería moitísimo o pagamento de facturas cando se reclamasen intereses e, por exemplo, no pagamento de nóminas a traballadores ou outros pagos que necesitan unha periodicidade concreta, sería moi difícil cumprir cos prazos; considera que co nivel de vinculación 2.2. se cumpre perfectamente coas pretensións esgrimidas polos diferentes grupos municipais de exercer un maior control sobre o gasto no Concello e coñecer dunha forma máis veraz os cambios que se fan no orzamento motivados polo día a día polos problemas e circunstancias que ás veces se producen e noutras ocasións por posibilidades de investimento que aparecen como oportunidades como diferentes actividades deportivas e culturais que non están previstas no orzamento pero o Concello si tería músculo económico para atendelas con diferentes incorporacións de crédito que se fagan ao longo de ano; o expediente que se trae hoxe a aprobación cre que é un expediente que vén referendar facturas que pertencen a diferentes arranxos en centros municipais, en centros públicos, actividades culturais e deportivas que, non estando previstas no orzamento, o goberno municipal viu a oportunidade de apoialas e establecer unha maior dinamización no Concello e, habendo orzamento suficiente para afrontar os gastos previstos ou imprevistos, decídese facer ese tipo de investimentos ou actividades; noutros anos non se fixo así sabendo que a final de ano a Tesourería do Concello é positiva pero este ano por diversos criterios técnicos o goberno municipal decidiu traer a Pleno esta proposta para aprobación por parte de todos os membros da Corporación; son gastos que están perfectamente detallados e que contribuíron nun 95 ou 96% a mellorar a actividade deportiva e cultural do Concello ou a mellorar diferentes infraestruturas ou a programar co orzamento do 2023 diferentes arranxos que aínda están pendentes en diferentes instalacións do Concello.

A continuación o Sr. alcalde cede a palabra aos restantes membros da Corporación.

Solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o BNG xa ten dito en numerosas ocasións con motivo do debate do orzamento que o goberno municipal non quere un orzamento senón que o que quere é un saco de onde ir collendo cartos segundo se lles antolle; agora o Sr. alcalde fala de gastos que non estaban previstos e precisamente por iso é polo que o BNG quere que o goberno municipal deixe de dispoñer do orzamento como un saco e o seu obxectivo é que o goberno municipal, cando se presentou unha emenda no mes de outubro, á aprobación inicial da cuestión que se está a debater, votada a favor polo goberno municipal, coa asistencia do Sr. secretario e da Sra. interventora, pensarían que algo de razón tiñan en que se precisaba un maior control

sobre o orzamento. O obxectivo era que se deixara de dispoñer do orzamento como un saco e xa no mes de outubro, hai dous meses, era inducir ao goberno municipal a redactar un orzamento que xa debiera estar empezado meses antes e do que fan dicindo que seguramente en outubro presentaría un borrador, despois en novembro, despois antes de final de ano e no debate que houbo hai dous días non houbo nin unha soa alusión a que se iniciara a redacción dun orzamento para o 2024, algo obrigado para calquera institución.

Repíte que o seu obxectivo era levar ao goberno municipal a redactar un orzamento e non dispoñer do orzamento do 2023 no 2024 de forma prorrogada e nas mesmas condicións, dispoñendo dos cartos como se dun saco se quitaran; que se pode ver o pouco interese do goberno municipal na forma de redactar porque se trae a aprobar que remataron os cartos de determinadas partidas e, tras ter todo o ano para traer ao pleno un suplemento de crédito e poder seguir gastando, o goberno municipal opta por gastar igual, sen ter cartos, como se ve claramente na partida da Policía Local ou na escultura que xa está en Tarrío cando soamente se aprobou inicialmente o seu pagamento, e así mil máis que demostran que se gastou sen ter cartos para iso na partida correspondente, algo cualificado como dos incumprimentos legais máis graves respecto do tratamento dos cartos públicos; insiste en que o goberno municipal quere seguir gastando os cartos como lle dá a gana e que o BNG non está por deixalos seguir así, e atoparon que esta podía ser unha boa medida para lograr ese efecto en tanto non se redacte un orzamento para o 2024.

É difícil entender que o goberno municipal, vendo a actitude do BNG no momento da aprobación inicial, ao día seguinte non lle digan aos funcionarios que comecen a redactar un orzamento porque se ven apurados, adoptando o “malo será” que se acaba convertendo en voltas e reviravoltas a ver como se matiza a emenda do Bloque para que deixe de ter efecto e unha consecuencia sobre o obxectivo do Bloque que é que o goberno municipal trate os cartos públicos co respecto que merecen.

O goberno municipal aceptou que o nivel de vinculación baixara ao nivel 5.5 e o goberno municipal, en vez de ter bolsas a nivel 1, que tiveran pequenas bolsiñas a nivel 5.5. e mover os cartos dunha bolsiña para outra tivera que contar cun acordo plenario; o Sr. alcalde di que na Deputación teñen o nivel 2.2 e que iso é o que o goberno municipal propón agora, e engade que iso se pode aceptar cando hai confianza e que aínda así, na Deputación non teñen o nivel de vinculación 1.1 como hai agora en Culleredo; o BNG neste caso presenta unha medida extraordinaria cun fin moi concreto que non vai repetir e que se resume en que o goberno municipal redacte un orzamento para o 2024. O BNG mantense na proposta inicial e non acepta o nivel 2.2. que propón o goberno municipal porque xa tiña aceptado o nivel 5.5. e esta rebaixa non aporta ningunha seriedade; repíte que o BNG se mantén na proposta inicial e se o goberno municipal non a acepta o BNG non vai aprobar este modificativo de crédito para resolver o fregado no que se meteron porque ademais despois da aprobación deste punto habería que ver como se gastaron os cartos porque é de supoñer que estarán as facturas, sen crédito para poder ser aprobadas, facturas que terán o reparo no seu día; di que isto quedará para o segundo capítulo e que a día de hoxe o BNG se nega a que o goberno municipal arranxe a súa papeleta sin un compromiso efectivo de cambio de actitude; o obxectivo era concretar un compromiso e o goberno municipal escúdase en informes técnicos para non aceptalo polo que o BNG non o pode aceptar; mantén a emenda do BNG e “ou só ou arre” pois non hai máis opcións.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que a expresión “ou so ou arre” é unha boa definición do que pensa o Sr. Chouciño Garrido pero sempre hai términos intermedios nas negociacións; di que está totalmente de acordo co Sr. Chouciño Garrido en que o BNG presenta unha emenda dun tema moi transcendente para o funcionamento dun Concello e

que cada un dos que están aí non só fan caso aos informes dos habilitados nacionais cando interesa senón que hai que facer caso cando interesa e cando non e para poder aceptar o nivel de vinculación aprobado hai que emitir un informe no que se indicou que aplicar ese nivel bloquearía o Concello e o goberno municipal está gobernando o Concello e, aínda que o fai en minoría, hai algunhas cuestións que son propias do funcionamento do goberno e se se está advertindo que co que se vén de aprobar se bloquearía o funcionamento do Concello hai que buscar unha alternativa para poder consensuala no seguinte pleno e tratar de chegar a un acordo que cumpra as pretensións do BNG e non bloquee o Concello.

Non vai facer ningunha alusión nin ningunha argumentación nin sequera política ao que vén de dicir o Sr. Chouciño Garrido porque considera que o máis importante neste momento é buscar un consenso para que a final de ano as empresas que están no expediente que se presenta poidan cobrar con maior axilidade; di que cobrar van cobrar igual pero tarde e sobre todo tendo en conta as características das diferentes facturas que están aí presentadas; di que sería inaceptable que, dicindo que iso vai supoñer un bloqueo, o Concello seguira adiante ou, dicindo que a proposta que presenta o goberno municipal é unha idea xenial, que non quixeran seguir adiante; é aceptable e de responsabilidade política na xestión política dun goberno que cando lle advirten de que algo vai bloquear ou de que pode traer consecuencias moi graves para o que se está a tratar, parar e reflexionar e non, para contentar a catro, prexudicar a máis de 30.000 habitantes do Concello. Non se gasta sen ter cartos, aquí non se fala de pedir un crédito ao banco nin de estar en bancarrota. Se trata de que a Administración ten ferramentas para poder chegar a fin de ano. O persoal técnico, que é quen avala cada un dos expedientes que se presentan neste punto, en anteriores lexislaturas informaba de que quería facer unha actividade extraordinaria que non estaba prevista e para a que non tiñan crédito reservado e preguntaban se ía haber posibilidade de incrementar o orzamento e, se os servizos económicos dicían que si, tirábase para adiante.

Xa saben que non teñen maioría absoluta, desde o mesmo día das eleccións, pero están tirando para adiante e dando pasos porque o que non poden facer é empeorar respecto de como se viña facendo. Di que hai que facer achegas en positivo. Como xa dixo no pleno anterior no primeiro trimestre do ano ten que estar aprobado o orzamento se hai consenso; o presuposto está preparado e no mes de xaneiro se presentará a todos os grupos; está pendente soamente da licitación do servizo de limpeza viaria, de limpeza de edificios e diferentes servizos xa que aínda non teñen un número de a canto ascenderá a licitación deses servizos e que, co nivel de vinculación que se propón, non poderían nin suplementar.

Si é certo que o presuposto tiña que estar aprobado pero hai circunstancias que o imposibilitaron; o Concello carece de persoal e cuestións como a que se está a debater ocupan moito tempo ao persoal que non hai; di que esa é a cuestión e calquera outra que se queira buscar para xustificar un voto en contra é decisión de cada Grupo e eles asumirán con responsabilidade o que a oposición decida porque con 13 concelleiros fronte a 8 do goberno municipal poderán aprobar ou tirar abaixo cuestións que sexan competencia do Pleno como a que se debate neste punto.

A vontade do Sr. alcalde é mellorar; sabe perfectamente o que é estar con maioría, estar sen maioría e estar na oposición, pois xa estivo nos tres casos e non ten ningún problema para chegar a acordos nunha negociación e non nun "arre ou so" porque entre o arre e o so hai unha parte na que se chega a un consenso, o contrario é unha chantaxe e non unha negociación, nin no familiar, nin no social, nin no laboral, nin no empresarial nin no político; di que el non se vai someter a ningunha chantaxe e non cre que ningún membro da Corporación estea disposto a someterse a unha chantaxe pero si a un consenso, tal e como se fai na Deputación Provincial na que curiosamente el é a persoa que no equipo de goberno está delegada e derivada a chegar a máis consensos, e toca en moitas ocasións

falar coa oposición e cando os votos son de repercusión social se votan por unanimidade. Culleredo non é o Parlamento Galego nin o Congreso dos Deputados nos que hai multitude de cámaras e se está a buscar o titular que se desexa e que se el dixerá o que pensa de como están a facer as cousas en Culleredo os membros da oposición non chegarían a consenso nunca. Di que se está a iniciar a lexislatura, iniciando uns novos hábitos aos que todos se teñen que acostumar, uns como goberno e outros como oposición, debendo todos aprender da nova situación. Di que non hai ningunha outra lectura obxectiva que se poida facer de como se teñen que facer as cousas a partir de agora. A oposición pode poñer as cousas difíciles pero el ten que buscar o consenso. Sempre hai opcións, analizando as cuestións, cun obxectivo distinto ao de ir polo alcalde ou por calquera que estea no seu posto.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que escoitando as palabras do Sr. Alcalde quere lembrarlle o que o Partido Popular de Culleredo intentou desde o primeiro momento no pleno de outubro no que propuxeron deixar o punto sobre a Mesa unicamente para un maior detalle das partidas referidas no suplemento e o goberno municipal negouse preferindo apoiar a emenda do BNG; o Partido Popular estivo disposto a negociar desde o primeiro momento e pregúntase que será para o Sr. Alcalde negociar aclarándolle que chamar dous días antes para pedir o apoio nunha votación non é negociar e que negociar é sentarse, traballar, expoñer ideas e, de maneira conxunta, chegar a acordos para atopar propostas compartidas; o que se viviu no pleno fai dous días foi bastante vergonzoso porque é vergonzoso presentarse a un pleno, gobernando en minoría, sin a máis mínima negociación dos puntos; vergonzoso ter que pedir recesos para consultas técnicas, vergonzoso que se negocie no pleno, no propio salón de plenos, modificacións que obviamente non dispoñen dos informes técnicos pertinentes; vergonzoso dar a imaxe de estar de mercadeo, nun tira e afloxa, primeiro non lla acepto e despois si, despois outra vez non e despois outra vez si pero modificado e finalmente cunha nova modificación; vergonzoso que todo iso se deba á incapacidade manifesta do Sr. Alcalde para negociar porque pensa que fai as cousas mellor que ninguén, que planifica mellor que ninguén, que xestiona mellor que ninguén e que sabe máis que ninguén. O Sr. alcalde demostrou onte outra vez que de facenda e de orzamentos sabe o xusto; quere dar clases en materia de facenda e o único que amosa son os seus fallos, erros e múltiples incongruencias no seu discurso; está tan fora de Culleredo, tan fora do que pasa no Concello que chegou ao pleno sin saber nin tan sequera o que se ía votar, discutindo que tamén estaba en xogo a aprobación dos 2,5 millóns do orzamento para investimentos; por todo iso esixe unha desculpa pública polos termos nos que se dirixiu a ela asegurando que estaba a enganar aos veciños cando o que estaba equivocado era el xa que no pleno non se ía votar ningún investimento en estradas; lle pregunta se é consciente da gravidade de non ter consignado diñeiro nunha partida e contratar de igual maneira e se é consciente que desa forma non se lle pode pagar aos provedores polos servizos prestados; se, dado que sabe tanto de facenda e de orzamentos, se dá conta da gravidade deses feitos.

O Sr. Alcalde pide confianza e pide que se lle crea pero non é capaz de cumprir cos provedores cos que contrata verbalmente. Lle pregunta se pode explicar como, sen ter aprobado definitivamente o crédito extraordinario e o suplemento de crédito que hoxe se presenta, xa hai partidas gastadas.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e lle di ao Sr. alcalde que o único que ten son palabras vacías e que o demostra con todas as súas promesas incumplidas e cos seus múltiples cambios de criterio xa non só co tema que hoxe se está a tratar, senón tamén por exemplo co plan xeral que primeiro se vai aprobar, logo non, logo si, e por agora sen noticias), intentando tomarlle o pelo a todos, como lle tomou xa aos veciños cos seus múltiples cambios de opinión e como intentou facer agora co BNG rechazando o acordo

C.I.F. P-1503100-H

plenario no que o goberno municipal votou a favor no mes de outubro e intentando agora conseguir a aprobación sen as emendas que motivaron o voto do BNG; o Sr. alcalde contará co voto favorable do Partido Popular cando empece a negociar, a xestionar, a planificar e cando deixe de querer impoñer os seus desexos por riba de todo, dándolle igual o como, dándolle igual os veciños, a oposición, os procedementos e todo o que lle impida ao Sr. alcalde ser o protagonista.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que vai ser respectuoso co que vén de dicir anteriormente e non vai entrar en ningún debate político cinguíndose ao punto e nada máis; o que vén de dicir a Sra. García Gorostizu seguramente sexa certo e persoalmente estean moi cercanos pero moi alonxados politicamente; di que seguramente as pretensións sexan as mesmas e que non vai entrar en ningún debate político porque sería reiterarse no tratado anteriormente. El xa dixo que seguramente entendeu mal a argumentación do Partido Popular no anterior pleno porque a esa sesión ían uns investimentos aos que o Partido Popular votou en contra; el entendeu que non ía a estrada que se aprobou nesa sesión e grazas a ese punto da orde do día se iniciaron os expedientes incorporando dous millóns e picos de euros para poder facer investimentos para os veciños e veciñas de Culleredo que xa estaban metidas no orzamento municipal; non había posibilidade de escoller obras distintas porque no caso de que despois non se puideran facer perderíase o diñeiro; di que pide disculpas porque nese caso a Sr. García Gorostizu tiña razón pero que ten que recoñecer tamén que, polos motivos que sexan, votouno en contra e saiu a favor grazas ao sentido do voto do BNG e Alternativa dos Veciños e se non fora así nos meses de xaneiro e febreiro non se poderían iniciar cuestións de interese xeral que se están a tramitar desde Intervención e desde Contratación. Lle pide novamente disculpas á Sra. García Gorostizu porque a interpretou mal no anterior pleno e iniciou un debate que non correspondía.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo.

O Sr. alcalde lle di ao Sr. Chouciño Garrido que pode dicir o que queira pero que teña claro que el non vai facer máis argumentario político.

O Sr. Chouciño Garrido agradece que se lle recorde que pode dicir o que queira aínda que xa o tiña claro.

O Sr. alcalde di que el o que lle dixo foi que dixera o que quixera pero que el non lle ía facer ningunha réplica.

O Sr. Chouciño di que vai falar comezando polo final da intervención do Sr. alcalde porque está a terxiversar unha cuestión como é o que significa negociar porque cando hai que negociar en política suponse que se parte duns mínimos aceptables, dunha base que indique que o que se pretende negociar é negociable; el explicou moitas veces aos veciños que hai cousas que son lícitas, como son os programas políticos, nos que se indican as preferencias e se se prefire gastar os cartos en festas ou en reparar camiños e servizos sociais, pero o que se pretende aprobar neste punto parte dunha base ilegal, non sendo negociable validar as ilegalidades manifestas do goberno municipal, advertidas reiteradamente pois hai advertencias reiteradas de que se están facendo animaladas co orzamento podendo buscarse xurisprudencia de como se cualifican certas condutas que habitualmente fai o goberno municipal. O Sr. alcalde vén de falar da postura responsable que tivo o BNG cando no mes de outubro se aprobou o punto número 1 cambiando a orixe de financiamento de cerca de tres millóns de euros pasando dun préstamo a longo prazo a utilizar o remanente; o BNG abstívose sen ter negociado nada porque chegaron á sesión e

C.I.F. P-1503100-H

era aceptalo ou non, sen ningún tipo de negociación, e o BNG está de acordo con que o Concello dispoña de máis recursos económicos pero non con que non haxa alternativa; o Sr. alcalde di que o Sr. Chouciño falou de ou arre ou só e que é certo pero que o que o propuxo en primeiro lugar foi o Sr. alcalde e xa se lle preguntou que se ía facer con eses tres millóns de euros e xa se lle lembrou ao Sr. alcalde e á Sra. Marta iglesias na comisión informativa, na que se encolleu de ombros. O razoamento do Sr. alcalde é que nas cousas nas que non lle quede máis remedio vai dicir que non todo é “arre ou so” e nas que non lle quede máis remedio á oposición vai facer o que lle dea a gana, sen darse conta de que xa non vai poder facer todo o que queira pois xa non conta con maioría absoluta. A día de hoxe segue sen saberse cales son as preferencias do goberno municipal para os tres millóns de euros que se aprobaron no pleno anterior. A oposición vai ser rigurosa e sería e é algo que o goberno municipal ten que entender; non tivo nin un xesto para dicir a posteriori en que se ían gastar eses cartos, así como tampouco tivo un xesto para dicir que avisara aos servizos para que comezaran a redactar un orzamento; ten que entender que ninguén lle cre que estea redactando o orzamento para o 2024 como dixo fai un momento; o único que lle preocupa ao Sr. alcalde é sacar adiante o tema do “Día”, e despois ata a seguinte, e así dunha noutra ata non se sabe cando; o BNG non pide nada que non pida xa a Lei nin nada que non se poida acordar; o Sr. alcalde di que a xestión ten que seguir para adiante e o caso é que no medio da proposta que se presenta van horas extras da Policía Local facendo o mesmo que xa se viu no Concello de Cambre, onde se presentaron horas extras sen límite e sen crédito para facelas; pregunta por que despois de xaneiro, cando ven que se esgota a partida de 22.000 euros que había para gratificacións extraordinarias non se trae ao Pleno unha proposta de ampliar dita partida explicando os motivos desa necesidade; nin se fixo en xaneiro nin en febreiro ou marzo, abril, maio, etc, ata chegar a doce meses sen facer nada; non se entende que non se teña iniciado a redacción dun orzamento para o 2024; o Sr. alcalde dixo que a xente acabaría cobrando igual e lle pregunta se só lle preocupa agora porque hai uns días, cando se presentou a debate e votación a Conta Xeral, nela hai unha partida, a 413, á que van parar os cartos dos gastos que non se pagaron no exercicio no que se debían pagar e polo tanto deben someterse a un recoñecemento extraxudicial de crédito no ano seguinte; do 2022 para 2023 hai douscentos e pico mil euros, douscentos mil dunha soa cuestión, e non viu que dito recoñecemento extraxudicial de obrigas fora ao Pleno; ao Sr. alcalde preocúpalle que vaian agora as cuestións que presenta neste punto e non lle preocupa que non tiñan ido eses anteriores, dando a entender que a preocupación vai por barrios; di que o Sr. alcalde fala de consensos e, sen embargo, non deu un só paso para constituír a Comisión especial do PXOM e ver que pasa co PXOM e ver se hai algunha maneira de poder levalo ao Pleno; di que se está iniciando o mandato municipal moi mal; o BNG deixou claro desde o primeiro día que aceptaban que a súa emenda entrara en vigor o 1 de xaneiro de 2024 e, por se non estivera claro, hai dous días volveron introducir unha modificación do punto terceiro poñendo o seguinte texto “así como a modificación das bases de execución do orzamento aprobadas inicialmente no Pleno do 31 de outubro do 2023” dicindo que sería para empezar o 1 de xaneiro de 2024; di que o nivel de vinculación que o BNG propón non presenta os problemas dos que fala o goberno municipal e que, se os ten, é porque o equipo de goberno leva redactando o orzamento como lles dá a gana, de forma horrible, en todos os anos nos que o Sr. Rioboo estivo de alcalde; xa é hora de poñer orde e por iso o BNG se mantén na emenda inicial, eliminando o punto número 1 que propón deixar sen efecto a proposta do BNG e engadindo que entraría en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2024.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que ela dixo que pediría a

13 de 26

palabra en virtude do que sucedera durante a mañá; vai reproducir brevemente o que xa manifestou no anterior Pleno pois acábase de consolidar o que ela dicía xa que como non se sente toda a Corporación a falar quedan catro anos por diante de posible bloqueo de xestión; preocúpalle como concelleira e como veciña que esa sexa unha dinámica habitual; estase pedindo de maneira taxante e manifesta que se sente a falar coa oposición pois non vai quedar outra; isto é unha clara evidencia de que así non se pode seguir pois a pesar de que pasaron só catro meses, son suficientes para comezar a falar; di que xa non sabe como pedirlle ao Sr. alcalde que se sente a falar coa oposición pois non se pode bloquear a actividade do Concello; está totalmente de acordo con que a política non pode ser cuestión de egos individuais e que hai que falar todos e representar o que os veciños pediron o pasado mes de maio, que se representen todas as vontades políticas, pois para iso xa non hai maioría absoluta no Concello de Culleredo.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde e di que, como xa dixo anteriormente, a reflexión está feita e a man tendida.

Deseguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que só quere facer unha aclaración sobre a referencia que fixo o Sr. alcalde en relación co voto en contra do Partido Popular á modificación da fonte de financiamento no capítulo de investimentos; explica que o seu Grupo votou en contra porque, ata en catro ocasións, procurou que se lles explicara o destino das partidas sen ter obtido resposta nin por parte da concelleira delegada nin do Sr. alcalde.

A continuación fai uso da palabra novamente o Sr. alcalde e di que, para pechar o punto e con referencia á cuestión da incorporación de remanentes, tal como explicou no anterior pleno, en anteriores ocasións se levaba un expediente de incorporación de remanentes ao Pleno e se recollían determinados investimentos que xa non estaban contemplados no propio documento orzamentario; nesta ocasión, polas bases de execución, todos os investimentos obxecto desa incorporación de crédito eran a posibilidade da totalidade de investimentos que estaban no orzamento porque as bases de execución xa dicían que se podían financiar con crédito externo ou con crédito propio; podían definir uns ou outros investimentos pero tiñan a advertencia dos servizos económicos que definir cales se ían incluír, se despois por calquera circunstancia non se puideran realizar, poñía en perigo o propio investimento polo que quedou o abanico aberto; so se empezaron as do POS e outras que contan con todos os informes favorables.

A continuación o Sr. alcalde somete a votación a proposta presentada coa emenda do BNG.

Intervén o Sr. Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do BNG, e di que primeiro hai que votar a emenda do seu Grupo, respecto de suprimir o punto primeiro da proposta, que propón “(../..) deixar sen efecto a modificación da base 3ª das de execución do orzamento acordada polo Pleno na sesión celebrada o 31 de outubro de 2023 (../..)” e engadir a entrada en vigor a partir do 1 de xaneiro do 2024.

O Sr. alcalde di que hai que votar as dúas emendas por separado; que a emenda do BNG suprime o punto 1 e deixa o acordo como foi inicialmente no Pleno do mes de outubro matizando o punto número 3 dicindo que o nivel de vinculación sexa o do anterior pleno que era o 5.5; a segunda emenda, a do goberno municipal, sería, no punto número 1, matizar que o nivel de vinculación non sexa o actual, 1.1, nin o que se aprobou no pleno do mes de outubro, 5.5., senón que sexa un nivel de vinculación 2.2, mantendo os tres puntos da proposta que se presenta neste punto.

O Sr. Chouciño Garrido di que o BNG propón suprimir o punto número 1 da proposta que se presenta neste punto, que deixaría sen efecto a emenda proposta polo goberno municipal, co que xa non procedería someter a votación o cambio de vinculación, e engadir un matiz no punto 3 referindo que entraría en efecto o 1 de xaneiro de 2024; di que vai ler o texto tal e como quedaría, e refire o seguinte: “Aprobar definitivamente a concesión dun crédito extraordinario e o suplemento de crédito por medio do cal se modifica o orzamento para o exercicio 2023, así como a modificación das bases de execución do orzamento aprobadas inicialmente no Pleno do 31 de outubro do 2023 para a súa entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2024 nos orzamentos prorrogados do 2023.”, intentando evitar o que se está advertindo respecto de que de aquí ao 31 de decembro sería imposible materializar o solicitado; se se aproba a emenda do BNG xa non tería sentido aprobar a emenda proposta polo goberno municipal de cambiar o nivel de vinculación a 2.2 porque xa quedaría anulado o punto número 1 e se volvería ao acordo do 31 de outubro establecendo o nivel de vinculación 5.5.

A continuación o Sr. alcalde di que quere facer unha matización pola importancia do punto e a operatividade do Concello porque efectivamente entraría en vigor o presuposto prorrogado pero no informe da Sra. interventora xa se advirte que iso bloquearía igualmente os pagos no 2024 mentres non se aprobe o novo orzamento.

VOTACIÓN DA EMENDA DO BNG

C.I.F. P-1503100-H

Seguidamente o Sr. alcalde-presidente somete a votación ordinaria a emenda presentada polo BNG, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: tres (3), dos Sres. concelleiros/as presentes do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo.

Votos en contra: sete (7), dos Sres. concelleiros/as presentes do Grupo municipal do PSdG-PSOE.

Abstencións: nove (9), dos Sres. concelleiros/as dos grupos municipais Partido Popular (7) e Alternativa dos Veciños (2).

Á vista do resultado da votación, a emenda do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo queda rechazada.

A continuación o Sr. alcalde procede coa lectura da emenda á proposta presentada polo grupo de goberno e di que nela se propón substituír o texto inicial da proposta e, no punto primeiro, recoller o seguinte texto: “Primeiro.- Coa finalidade de evitar os problemas postos de manifesto pola interventora no seu informe con código de documento UIT17I021S modificar o apartado 1 da base 3 das bases de execución do orzamento que pasará a ter a seguinte redacción:

“Base 3. Nivel de vinculación xurídica dos créditos:

1. Establécese como nivel de vinculación xurídica dos créditos, a política de gasto a nivel de clasificación por programas (código de dous díxitos) e o artigo a nivel de clasificación económica (código de dous díxitos).”

Di que se propón tamén na emenda do goberno municipal engadir que terá efectos a partir do 1 de xaneiro do 2024.

VOTACIÓN DA EMENDA DO GRUPO DE GOBERNO

Seguidamente o Sr. alcalde-presidente somete a votación ordinaria a emenda presentada polo goberno municipal, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), dos Sres. Concelleiros/as presentes do Grupo municipal do PSdG-PSOE.

Votos en contra: dez (10), dos Sres. Concelleiros/as dos grupos municipais Partido Popular (7) e Bloque Nacionalista Galego de Culleredo presentes (3).

Abstencións: dúas (2), do grupo municipal Alternativa dos Veciños.

Á vista do resultado da votación, a emenda do grupo de goberno queda rechazada.

C.I.F. P-1503100-H

Desestimadas as dúas emendas presentadas, sométese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 15/12/2023 (código de documento UEH17I00A3) sobre aprobación definitiva de expediente de suplemento de crédito e crédito extraordinario financiado co remanente líquido de Tesouraría para gastos xerais derivado da liquidación do orzamento de 2022. Resolución de alegacións. Expediente UEH/2023/28.

VOTACIÓN

Votos a favor: sete (7), dos Sres. Concelleiros/as presentes do Grupo municipal do PSdG-PSOE.

Votos en contra: dez (10), dos Sres. Concelleiros/as dos grupos municipais Partido Popular (7) e Bloque Nacionalista Galego de Culleredo presentes (3).

Abstencións: dúas (2), do grupo municipal Alternativa dos Veciños.

Á vista do resultado da votación, a proposta da Alcaldía de data 15/12/2023 (código de documento UEH17I00A3) queda rechazada.

3.- RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS DE REPAROS DA INTERVENCIÓN (EXPTE. UPO/2023/253)

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Sra. Concelleira delegada da área de Cohesión Social, Réxime Interior e Recursos Humanos (código de documento UPO17I02S0), contida no expediente electrónico

UPO/2023/253, e lle dá a palabra a dita concelleira para que faga unha presentación da proposta.

A Sra. Figueroa Fuentes, concelleira da área de Cohesión Social, Réxime Interior e Recursos Humanos, di que o goberno municipal trae ao Pleno a resolución de discrepancias en relación con gratificacións extraordinarias correspondentes aos colectivos de Policía Local (primeiro, segundo e terceiro trimestre), o Servizo Municipal de Emerxencias, conserxes e traballadores da Área de Persoal; todas as horas levan reparo suspensivo e as discrepancias xustifican e solicitan que se acepten para o abono de ditas horas; di que a documentación é extensa e que o que se propón ao Pleno é resolver estas discrepancias coa finalidade de aboar as horas extraordinarias aos traballadores dos colectivos que mencionou.

Transcríbese a continuación a proposta presentada:

“Vistas as discrepancias formuladas ante os informes de reparos suspensivos emitidos pola Intervención Municipal, visibles no expediente con código EXP/2023/253,

Propónse ao Pleno corporativo o seguinte:

Primero.- Resolver as discrepancias referidas en base aos argumentos esgrimidos no documento de discrepancia.

Segundo.- Continuar coa tramitación do expediente, unha vez se produza a entrada en vigor da modificación presupuestaria aprobada inicialmente no Pleno de data 31 de outubro de 2023.”

A Presidencia abre a quenda de intervencións.

DEBATE

Solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que antes de intervir quere preguntar unha dúbida porque ela entende que a non aprobación do punto anterior repercute directamente na proposta que se presenta neste polo que pide se aclare se se somete igualmente a debate ou se xa non procedería.

O Sr. Alcalde-presidente di que cre que si procede levalo a debate e lle fai a consulta á Sra. Interventora municipal.

A Sra. Interventora municipal responde dicindo que si procede debater este punto porque habería asistencia de crédito a nivel de bolsa de vinculación pero igualmente o Pleno ten que votar o aumento das cantidades.

A continuación a Sra. Palla Maceiras agradece a aclaración da Sra. Interventora e di que o que se vota neste punto é se corresponde o abono de horas extras a diversos traballadores do Concello; di que hai reparos da Intervención municipal argumentando diversas cuestións como que non hai crédito suficiente e outras como, a nivel procedimental, que non está acreditada debidamente a realización das horas extras que se recoñecen, considerando a Intervención que non deben aboarse; posteriormente hai unha discrepancia do goberno municipal argumentando en sentido contrario e concluíndo que si deben aboarse as horas extras recoñecidas; Alternativa dos Veciños considera que está clarísimo que os traballadores teñen que cobrar polo seu traballo pero entenden tamén que esta non é a vía porque, tal e como di a interventora municipal no seu informe, o pagamento de horas extras ten que ser algo puntual, unha medida excepcional, e polo que coñecen, no Concello de Culleredo isto vén sendo unha dinámica habitual; adianta que se van abster neste punto porque non se van opoñer a que se cobren as horas extras realizadas pero adianta tamén que esta non pode seguir sendo a forma porque nos catro meses que van de lexislatura xa teñen máis que constatado que hai un problema de persoal gravísimo no Concello que devén en que no modificativo de crédito que se someteu a debate e votación no punto anterior, se levara unha cantidade de 180.000 euros para o pagamento de horas extraordinarias; engade que, independentemente de se se deben aboar ou non, quere deixar claro que algo que hai que abordar de forma inmediata e pola vía do consenso e ver solucións ao tema de persoal no Concello, entendendo que a estas alturas a taxa de reposición xa non debera servir de escusa; é gravísimo que haxa departamentos nos que hai soamente unha persoa porque por moitas propostas que se fagan, por moitas ideas que se teñan, se non hai quen as leve a cabo, o Concello non vai funcionar; se se segue utilizando a escusa da falta de persoal para non levar a cabo as propostas, é moi difícil que o Concello avance na dirección que se desexa que o faga; repite que os membros do seu Grupo se van abster neste punto e solicitan que se aborde de forma inmediata o tema do Persoal pois se iso non se atende de nada servirá o que se propoña.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que según lle dixeran os membros dos outros grupos da oposición, presentaron tamén, ao igual que fixo cada un dos membros do BNG, unha solicitude dun informe da Intervención que dixera se se sobrepasou o límite do 10% da masa salarial que se pode destinar a horas extras, a gratificacións extraordinarias; non recibiron dito informe e o consideran imprescindible lembrando o que está a pasar en Cambre onde unha das causas fundamentais do problema foi ter sobrepasado o 10% da cantidade destinada a gratificacións extraordinarias; solicita que a proposta que se presenta neste punto quere enriba da Mesa ata que contén co informe solicitado por todos os grupos; pide que se diga se non entrou no Rexistro por algún problema informático pois os trece concelleiros da oposición o pediron e non o teñen; independentemente diso quere facer dúas connotacións a este punto porque se dixo que si procede entrar a valoralo porque si hai crédito cando se pode ler no informe da interventora que di, a cada unha das propostas, que corresponde ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos se baseen na insuficiencia ou inadecuación do crédito; di que, sendo este o motivo polo que van ao Pleno, non entende que se diga que o problema está resolto e, ademais, na discrepancia emitida pola Sra. Figueroa, a cada un dos informes de proposta, en cada

trimestre, de hai quince días, di que “No día da data existe crédito adecuado e suficiente trala correspondente tramitación do expediente de suplemento de crédito e crédito extraordinario financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais aprobado inicialmente en sesión plenaria de data 31 de outubro”, referíndose ao que se vén de discutir no punto anterior, indicando a Sra. Figueroa que había crédito porque estaba aprobado inicialmente, sen agardar á aprobación definitiva, non tendo en conta que era necesaria esta última aprobación que foi rechazada no punto anterior; os informes da Interventora si dicían que o motivo era a insuficiencia de crédito e si é falso o que se recolle nas discrepancias respecto de que si existe crédito polo que non procede; pregunta que pasou nos anos 2021 e 2022 nos que non foi ao Pleno porque supón que pasou o mesmo ao ver o resultado da liquidación deses dous exercicios no que, partindo dunha partida de 22.000 euros para gratificacións extraordinarias, acábase cunha partida negativa, suponse que porque se gastou, de 144.000 euros no 2022 e de 114.000 euros no 2021; di que lle gustaría que á próxima comisión se levara documentación de como se tramitaron ditos expedientes.

Reitérase na súa petición de que o punto que se está a tratar quede enriba da Mesa porque están pendentes dun informe para saber se se está no caso de Cambre ou non e se isto se debera estar tratando noutro foro e non no pleno de Culleredo; pide que se vote deixalo enriba da Mesa como é preceptivo.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que hai crédito, hai orzamento, que o crédito é inadecuado e por iso se está a votar agora; se se aprobara o anterior punto, nesa incorporación de remanentes, desa bolsa xa se poderían quitar os cartos suficientes para pagar as horas extra; no Concello, nas arcas municipais, hai crédito suficiente para pagar as horas extras e iso é o que se está a votar; é un crédito inadecuado porque está noutra “bolsa”, noutro apartado, e o que se ten que votar é o levantamento do reparo posto ao respecto e dotar de crédito adecuado para pagar as horas; de aprobarse no día de hoxe habería a posibilidade de aboalas, como así o solicita o persoal, dentro do ano en curso pois do contrario habería unhas repercusións fiscais para os traballadores posiblemente bastante considerables atendendo a cada caso particular e por iso o goberno municipal non considerou adecuado sacalo da orde do día; di que efectivamente hai unha solicitude de informe que desde Rexistro e desde Alcaldía foi remitida ao secretario xeral accidental nese momento e á propia interventora que indican que, por tempo material, non se puido facer un informe desas características pero si indican que o seu informe é bastante conclusivo respecto dese tema.

Seguidamente solicita o uso da palabra a Sra. Interventora municipal, Sra. Corral Corral quen, unha vez concedido, di que non foi posible emitir o informe solicitado porque a solicitude non se fixo coa antelación suficiente para poder emitilo antes da sesión na que se ía tratar o asunto pero verbalmente pode informar que esa porcentaxe a día de hoxe non está superada e que probablemente podería superarse, pero non en contía elevada, co abono das gratificacións extraordinarias que se propoñen neste punto; di que outra porcentaxe, o 30% destinado a complemento de produtividade, está moi sobrado e absorbería o desfase do que falou.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que consideran que os informes de fiscalización para a aprobación das gratificacións por horas extras son demoledores para o goberno municipal porque, en termos xerais, indican que non existe crédito ao que imputar o gasto, non consta acreditada a xustificación das horas extras no expediente, non consta no expediente a autorización do alcalde ou concelleiro delegado, non consta a xustificación de que non se poidan compensar as horas extra por horas libres dentro da xornada laboral e supérase o límite legal de 80 horas máximo ao ano; pensan que, lendo os informes da Intervención, sería unha irresponsabilidade votar a favor da proposta; está claro que as horas extra se fixeron, iso non o poñen en dúbida, pero son horas extras estruturais tal e como indicou a compañeira de Alternativa; son horas extras que os traballadores se ven obrigados a facer polo problema grave de falta de persoal que xa denunciaron en numerosas ocasións; lle di ao goberno municipal que as cousas non poden seguir así e que ten que solucionar o problema grave de persoal pois mentres non se solucione iso o Concello seguirá paralizado; di que son horas extras estruturais das que o Sr. Alcalde sabía que non había crédito para pagalas e pese a iso permitiu que se fixeran, converténdose no único responsable de que os traballadores estean sen cobralas e non a oposición; os informes de fiscalización, as súas discrepancias e as súas propostas remitíronse a tarde anterior á Comisión, sen cumprir as 48 horas de antelación que se esixen, polo que solicitaron un informe previo ao Pleno para dilucidar cuestións fundamentais para decidir o sentido do seu voto neste punto pero tal informe non chegou e, á vista do que pasou no Concello de Cambre, no que a Fiscalía ve indicios de prevaricación e malversación polos pagos á Policía Local por situacións moi similares ás que se describen no informe da interventora como son que os informes de Secretaría e Intervención teñen reparos suspensivos, rebasar o máximo que marca a Lei, incumplir a normativa porque a cantidade vulnera o límite do 10% fixado por Lei, descoñecer se se cumpre a xornada ordinaria anual pois ao non poñer a súa disposición os cadrantes da Policía Local desde fai case dous meses que foron solicitados, descoñecer se hai un control do cómputo dos servizos realizados ou se hai cumprimento da xornada ordinaria anual; descoñecer se os complementos de gratificacións e produtividade incumpren os límites legais; os membros do Grupo municipal do Partido Popular propoñen tamén deixar o punto sobre a Mesa.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que entende a postura dos membros da Oposición pero que non ten nada que ver o que se propón neste punto co que pasa no Concello de Cambre que é algo completamente distinto aínda que habería que entrar no fondo xurídico do que alí sucede; se se entra no fondo xurídico do que pasa en Culleredo nada ten que ver co que pasa en Cambre; a Fiscalía o que fixo foi abrir as dilixencias oportunas con obxecto de abrir unha investigación e determinar se hai responsabilidades penais, pero de momento non hai ninguén condeado; estase investigando como poderían investigar a cada un dos membros da Corporación por distintas circunstancias; houbo unha denuncia e en consecuencia a Fiscalía ten que investigar para archivar ou actuar, sen que teña nada que ver co que hoxe se está a debater no Pleno pois en Culleredo do que se trata é de que hai dous servizos mermados de persoal, o da Policía Local e o servizo de conserxería, especialmente en persoas que teñen que facer traballos en xornadas festivas ou fins de semana; ata a data, ao igual que pasou no punto anterior, o criterio que se seguía era que se na “bolsa” do capítulo 1 había

C.I.F. P-1503100-H

presuposto suficiente aboábanse directamente as horas extra pero houbo un cambio de criterio que o goberno municipal aceptou e por iso, para maior seguridade xurídica, determinouse levar ao Pleno o levantamento do reparo; el non pide que a oposición asuma responsabilidades de cuestións feitas polo goberno municipal e por iso non pide o voto a favor pero si a abstención que non xera ningunha vinculación xurídica no caso de que a houbera, aínda que eles teñen a total tranquilidade e seguridade nese sentido pois os servizos extraordinarios da Policía Local de Culleredo están moi xustificadas, pedindo a interventora que se xustifiquen máis e iso correspóndelle ao xefe de servizo; houbo un vacío na xefatura de servizo nalgúns anos e se xustifican e se relacionan expresamente os servizos prestados que poden incluso vir no propio documento; repite que non pide o voto a favor porque é unha cuestión que vén de atrás pero si pide a abstención para sacar o punto adiante polo ben dos traballadores e traballadoras xa que houbo un cambio de criterio respectable e aceptado que será a tónica que se siga coa interventora que accidentalmente hai, vendo as partidas bimensualmente ou trimestralmente; a cantidade de horas que hai é unha cantidade tope e concreta que non se pode ampliar, sen que exista a posibilidade de meter máis cartos na partida ata que se dea a circunstancia de que se realizaron as horas; di que esta é unha situación circunstancial que pasa en todas as administracións e, entendendo que si hai que incrementar o persoal e por iso vai unha OPE considerable ademais de tirar de bolsa de interinos, engadindo que nalgún momento terán que pedir o apoio dos membros da Oposición para poder tirar desa bolsa e incorporar traballadores ao Concello; unha vez haxa máis conserxes e máis policía e máis persoal nas áreas máis castigadas a traballar en días festivos e fins de semana se poderían articular outras formas de compensación como poden ser días libres ou gratificacións extraordinarias pero sempre en menor contía; o catálogo de Policía locais de Culleredo debe estar en 30-34 policía locais pero só hai dotadas a metade pois hai un proceso de catro policía que obtiveron praza que está en fase de revisión polo Consello Consultivo e algún outro órgano administrativo, agora saen tres prazas máis de Policía local e iso redundará en que as horas extra da Policía serán menos e cando se consiga, entre os anos 2024 e 2025, poñer a plantilla a 30 efectivos, volverase a un sistema moi parecido ao que había hai uns anos no que el era concelleiro de Seguridade Cidadá no que as compensacións se facían en días libres e eran aceptadas por todos sempre que non se deixaran os servizos sen efectivos, especialmente á hora da saída dos colexios e similares; as horas que se aboan coa proposta que se presenta neste punto son para iso, para que haxa o maior número de efectivos, sempre insuficientes, e que haxa policía na rúa facendo os servizos básicos sobre todo en horario escolar para que se poidan atender os colexios especialmente os que teñen un grao de conflictividade na seguridade viaria máis acentuado.

Respecto dos conserxes di que hai vodas nas que hai que abrir o Concello, actividades de asociacións nas que hai que abrir e hai que pechar e custodiar; se houbera máis conserxes se lles podería pedir que traballaran o sábado, por exemplo, e librasen luns e martes, pero o problema actual é que luns e martes fan falta porque non hai; tras a incorporación do secretario que actuou no anterior pleno e que era secretario acumulado de Lugo, e que vai ser o secretario titular do Concello de Culleredo, mantivéronse algunhas reunións para tratar de que, desde a propia Secretaría e desde Intervención, se axilicen dunha maneira urxente os prazos que sempre son moi engorrosos nunha administración, cos periodos de alegacións que hai que respectar; no 2024 vaise procurar a consolidación nos postos de traballo dos traballadores que están na RPT naqueles postos que sexa necesario; coa cobertura de libre concurrencia de traballadores que opoñen e, do contrario, a través dunha proba de interinaxe; di que hai que dotar tamén ao departamento de Recursos Humanos que son os que moven as cuestións das que está a

falar e outros como poden ser o de Cultura, Formación, Deportes, que necesitan dun técnico de administración que, desde unha perspectiva xurídica, aborde todos eses temas. O que a interventora municipal ía poñer no seu informe é o que vén de dicir agora, que non se supera a masa salarial, o que a el lle preocuparía pois tería responsabilidades penais; el xa foi denunciado polo alcalde de Oleiros por levantar reparos e a denuncia foi arquivada porque os procedementos eran necesarios pero a denuncia está aí; foi denunciado dúas veces e dúas veces se arquivou o caso; todos os que levantan a man no Pleno teñen responsabilidades penais pero por riba de todo están os traballadores e traballadoras que por un motivo ou por outro non cobraron as horas extras en tempo e forma por uns cambios de criterio e por iso o goberno municipal vai votar a favor de continuar con este punto e solicita dos membros da oposición que non se opoñan a continuar con el e voten abstención, asumindo o goberno municipal toda a responsabilidade e as consecuencias que se poidan derivar tanto administrativas como penais e, de cara ao próximo ano, con todo o suxerido polos membros da oposición e as que el vén de detallar, será posible rebaixar no presuposto o importe destinado a horas extra; a circunstancialidade dos feitos que se derivan do expediente que se está a tratar son os que fan que o concepto de masa salarial non sexa algo abusivo; hai advertencias en concellos da comarca que tamén foron auditados polo Tribunal de Contas nos que si se pasaban da masa salarial porque o das horas extras era un hábito, un reparto, pero en Culleredo se fan as horas extras en función das necesidades, sen que sexa algo que estea aí estipulado.

C.I.F. P-1503100-H

(grabación cortada)

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que ela o que quere dicir simplemente é que, independentemente do que deliberen e decidan os restantes membros da oposición, e independentemente de que o punto quede sobre a Mesa ou non e de que a interventora manifestara o seu criterio verbalmente, que o informe solicitado se lles entregue por escrito coa fundamentación e argumentación xurídica que corresponda para chegar a dita conclusión.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que o que vén de dicir a interventora consta en acta co que xa é unha cuestión formal.

A Sra. Palla Maceiras di que ela se refire a que haxa unha maior argumentación pois a Sra. interventora trasladou unha conclusión e lle gustaría poder coñecer os términos polos que chega a ella.

Responde o Sr. alcalde e di que con tempo suficiente, votado ou non o punto que se está a debater, non hai problema ningún en emitir o informe solicitado; aclara que as únicas solicitudes recibidas foron as de Alternativa dos Veciños e as do BNG e que do Partido Popular so entrou unha solicitude que non ía acompañada de ningún arquivo segundo indican desde a Secretaría municipal polo que estas non serían suficientes xa que se require un terzo para que o informe sexa (grabación cortada e/ou inaudible).

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que se reitera na súa solicitude de deixalo enriba da Mesa e no informe referido e engade que o Sr. alcalde di que o informe verbal da Sra. interventora xa consta en acta e que os membros do Grupo municipal do Partido Popular non rexistraron debidamente a súa solicitude polo que non sería válida. Di que do mesmo xeito que consta en acta o informe verbal da Sra. interventora tamén consta en acta a intención do Grupo municipal do

C.I.F. P-1503100-H

Partido Popular de solicitar o mencionado informe e polo tanto tamén se lle debería dar validez. Di que respecto de se se supera o 10% da masa salarial ou non falouse en termos probabilísticos dicindo que probablemente cos gastos que se aproben na sesión que se está a celebrar si se supere esa cantidade; di que non se debe falar en termos probabilísticos porque falta un trimestre enteiro e se está a dous días de rematar o ano polo que se se deixa este tema enriba da Mesa e no mes de xaneiro se inclúe o informe non só cos tres trimestres que xa hai senón incluíndo tamén o cuarto trimestre xa estará o cómputo completo para que tamén os membros do goberno municipal dispoñan desa información e poidan contar coa seguridade xurídica da que falou o Sr. alcalde. Di que non é certo o dito polo Sr. alcalde respecto de que a situación que se está a dar en Culleredo pasa en todas as administracións e, respecto de que no orzamento quedaba fixado xa ese 10%, di que hai unha partida de 22.000 euros para gratificacións extraordinarias e agora se está propoñendo pagar cento e pico mil euros; o goberno municipal puido, no mes de xaneiro, no que aínda tiñan crédito, pagar esas horas extras pois era suficiente para pagar xaneiro, febreiro e seguramente parte de marzo, resultando moi extraño que se paguen agora tres trimestres; pide consideración coa xente e pregunta por que non se liquida por meses e se van presentando os problemas que aparezan tamén por meses porque se está insistindo en que son horas extras dun ano cando el ten anotado que hai horas extras pendentes para Policía desde 2019 e 2020 e horas extras de conserxes do 2019, 2020 e 2021 polo que non entende por que agora non se pode esperar un mes máis; preséntase a situación da Policía Local como se fora accidental que se quedara sen xente cando non é así porque desde o BNG xa se propuxo no seu día que o proceso selectivo para contratar catro policías se levara á Academia Galega de Seguridade Pública, que ademais presenta grandes beneficios económicos tamén para os concellos porque integran unha soa convocatoria para todos os concellos que se queiran adscribir e o goberno municipal non quixo, véndose despois toda a cola que trouxo o proceso, con grandes sospeitas de irregularidade sendo magnánimos na cualificación. A día de hoxe está sen resolver esa cuestión e hai outra OPE na que se fala doutras catro prazas na que supón que o goberno municipal quere resolver da mesma forma porque non queren que vaia pola Academia Galega de Seguridade e levaría unha grata sorpresa se non fora así porque levando o proceso a través da Academia acábbase antes, é máis barato e aporta máis transparencia porque se trata dun proceso único para todos os concellos que se queiran adherir. Se se analiza a secuencia das datas vese que a proposta do xefe de Gabinete, xefe de Persoal, para o pagamento das horas do primeiro trimestre é de data 13 de xuño; pregunta como pode ser que se inicie a tramitación do pagamento das horas extras de xaneiro o 13 de xuño; o reparo da interventora o 9 de novembro, o que indica que se agardaron cinco meses máis para sometelo á valoración da interventora; el confía totalmente en que a interventora abordou o tema nos prazos establecidos e está seguro de que a responsabilidade de que non chegara o expediente ao seu departamento é doutras persoas; proposta de levantamento de reparo da concelleira de Persoal, a concelleira reprobada no pleno anterior por cuestións varias, algunhas moi parecidas á que hoxe se trata e outras peores, o 18 de decembro; lévase ao pleno un mes despois de que a interventora fixera o reparo; pregunta a que se debe que os traballadores do Concello teñan que estar desde o mes de xaneiro pendentes do cobro ata o 26 de decembro, ampliando a pregunta tamén á xente á que se lle debe desde o 2019; a interventora lembra que a discrepancia debe ser motivada por escrito con cita dos preceptos legais no que se sustente o seu criterio e di que, unha vez resolta a discrepancia, poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso da adecuación do crédito fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control, engadindo que a resolución da discrepancia

por parte do Pleno será indelegable e que deberá recaer no prazo de quince días e terá natureza executiva; isto indica que a resolución da discrepancia por parte do Pleno é indelegable por precepto legal e o Sr. alcalde indicou fai un momento que nos anos 2021 e 2022 había outro criterio; pregunta quen tiña outro criterio porque para el isto non dá lugar a dúbidas; solicita que na próxima comisión se dea conta de quen tiña outro criterio.

Estase propoñendo ao Pleno de forma indirecta, en base a unha discrepancia que é totalmente inaceptable; pregunta por que nunca se presentou ao Pleno unha proposta de aprobación dun suplemento específico para esta cuestión xa no primeiro trimestre e pregunta tamén por que non se fai a liquidación das horas extras por meses e non por trimestres; por que nunca se informou á Comisión de Persoal, ou á Xunta de Voceiros, ou ao Pleno os problemas de cadrantes da Policía Local dos que fala agora ao alcalde; á oposición lles chega sempre este tipo de cuestións cando lles hai que poñer o ramo; por que nunca se deu información facendo aos membros da Corporación conscientes da situación que se está a dar; nunca se presentou informe das actividades do goberno municipal nos distintos órganos colexiados pese a que o BNG o reclama constantemente; tanto o Sr. alcalde como a xente que exerceu como alcaldesa en funcións saben perfectamente que o BNG reclama constantemente un informe de actividade que nunca chega; nunca se informou do problema existente na Policía Local nin das barbaridades que se están a facer coas horas e agora, a 28 de decembro, pídesse que se aprobe como se non pasara nada; di que hai que ter moi claro que cando se trata dunha insuficiencia de crédito hai unha nulidade de pleno dereito e o que procede é a revisión de oficio; di que o BNG escoitou en numerosas ocasións a lenda urbana de que en Culleredo se lle ofrecían as horas extras sempre ás mesmas persoas e nunca quixo facer demasiado caso desas historias pero agora resulta que parece que a interventora o está dicindo, como unha das eivas da proposta que se presenta, pois indica que o apartado quinto do citado acordo establece que o número de horas traballadas fora da xornada normal e retribuídas non poderá pasar do número de 80 por traballador (resulta que hai algún traballador que fai preto de 160 horas nun trimestre) procurando na medida do posible que poidan ter acceso a elas o maior número de traballadores de tal xeito que a súa realización se distribúa con criterios de igualdade, concluíndo a interventora que non consta acreditado no expediente o cumprimento deste límite, o que indica que o goberno municipal non lles está ofertando a todos os traballadores, tal e como dicía o “ruxe ruxe”, a realización das horas extras e posiblemente haxa xente á que lle veña moi ben facer un traballo extra e ter uns cartos extras nalgún momento.

Contra o que di a interventora, a discrepancia da concelleira reprobada indica que a Comisión Paritaria de Interpretación, Vixilancia e Estudio, órgano responsable de velar pola aplicación do cumprimento do acordo conforme ao disposto, acordou non aplicar a limitación das 80 horas dado que non hai ningunha Lei que o diga; pregunta onde están esas actas e por que non se achegan porque o goberno municipal xa sabe que non lle aporta confianza aos membros do BNG e non deba chegar ao Pleno a pedir que fagan un acto de fe, crendo sen ver; cre que ningún concelleiro da oposición tivo nunca acceso ás actas nas que se basea a concelleira reprobada para poder dicir que se pode saltar o reparo da interventora.

Hai unha cuestión máis respecto do límite das horas onde parece ser que pode haber un acordo da Comisión Paritaria dicindo que o límite das horas lle dá igual porque parece ser que hai leis que non o din expresamente; a Directiva Europea 2003/88/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 4 de novembro de 2003, relativa a determinados aspectos da ordenación do tempo de traballo, establece que a xornada máxima non debe exceder de 48 horas, incluídas as horas extraordinarias por cada período semanal, derivado da normativa de prevención de riscos laborais, o que significa que no seu momento puntual

pódense traballar máis horas semanais pero de promedio anual non se pode superar o citado límite semanal; debe terse en conta que o persoal que utiliza armas, vehículos, ferramentas ou maquinaria, debe realizar o descanso necesario pola seguridade propia e allea; pregunta o Sr. Chouciño Garrido se ao goberno municipal lle parece pouco límite o que vén de expoñer e se considera que se pode saltar cun acordo da Comisión Paritaria; di que o que se propón aprobar é unha auténtica barbaridade e non sabe que responsabilidades son as que di o Sr. alcalde que asume o goberno municipal, que o que quere é sacar adiante o problemón do día e agardar ao seguinte; lle di á Sra. Figueroa Fuentes que as responsabilidades xa llas pediron o mes pasado, dicindo o Sr. alcalde que non, polo que alguén deberá asumir responsabilidades nalgún momento.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde e, dirixíndose ao Sr. Chouciño Garrido, lle di que el xa sabe o que faría se gobernara o Concello de Culleredo pois hoxe quedou claro; di que el aos administrativos non os pode dotar de arma para que patrullen o Concello e o que di o Sr. Chouciño sobre a igualdade ten que referirse á igualdade entre todos os traballadores dun mesmo departamento tendo que ter en conta que os policías pertencen aos corpos especiais e non os pode substituír ninguén que non sexa Policía; lle pregunta cantas horas di a Directiva Europea citada polo Sr. Chouciño que se poden traballar de máis á semana.

Responde o Sr. Chouciño que a Directiva citada establece que a xornada máxima non pode exceder de 48 horas incluídas as horas extraordinarias por cada periodo de sete días.

O Sr. alcalde lle pregunta cantas horas traballa un policía á semana.

O Sr. Chouciño lle pregunta se quere que llas sume el.

O Sr. alcalde di que dá máis e lle pide que multiplique, engadindo que lle queda claro o que pretende o Sr. Chouciño, o que quere e como o faría e que se consensuará e lle di que lle parece preocupante a falta de rigor que ten cando fala deses temas.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que os membros do seu Grupo veñen de saber agora que hai un problema na súa petición de informe e solicita que se teña en conta a súa solicitude aínda que non se subira o documento e pide que a interventora llo faga chegar ao seu Grupo municipal no momento en que estea feito.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que a solicitude non está feita en forma e, por máis bo que el queira ser, hai que ser xustos e desde Secretaría informan de que está presentado fóra de prazo e polo tanto non está presentado e non se reúnen os requisitos para que sexa unha esixencia; o informe vaise facer igual pero hai que ter en conta o que vén de dicir e lle di á Sra. García Gorostizu que poden solicitar novamente o informe a posteriori da sesión.

A Sra. García Gorostizu di que non está a pedir o informe como unha esixencia.

O Sr. alcalde indica que non hai ningún problema en facerlle chegar o informe cando estea feito.

A Sra. García Gorostizu di que ao seu Grupo municipal lle serve a palabra que deu a interventora na súa intervención polo que se van abster no tema do pagamento das horas extras, dicindo novamente que son horas extras estruturais e que hai que tomar medidas co tema do problema grave de persoal do que xa se deixou constancia noutras ocasións.

C.I.F. P-1503100-H

VOTACIÓN DE DEIXAR A PROPOSTA SOBRE A MESA

A continuación o Sr. Alcalde-presidente somete a votación ordinaria a proposta do voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido, de deixar a proposta sobre a Mesa, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: cinco (5), dos representantes presentes dos grupos municipais do BNG (3) e Alternativa dos Veciños (2).

Votos en contra: catorce (14), os dos representantes presentes dos grupos municipais PSdG-PSOE (7) e Partido Popular (7).

Abstencións: ningunha

VOTACIÓN

Á vista do resultado da votación, queda rexeitada a proposta do BNG de deixar a proposta sobre a Mesa polo que **a Presidencia somete o asunto a votación ordinaria e, con sete (7) votos a favor, os dos representantes presentes do grupo municipal do PSdG-PSOE, tres (3) votos en contra, os dos representantes presentes do grupo municipal do BNG; e nove (9) abstencións, as dos representantes dos grupos municipais Partido Popular (7) e Alternativa dos Veciños (2) o Pleno municipal acorda:**

Primero.- Resolver as discrepancias referidas en base aos argumentos esgrimidos no documento de discrepancia.

Segundo.- Continuar coa tramitación do expediente, unha vez se produza a entrada en vigor da modificación presupuestaria aprobada inicialmente no Pleno de data 31 de outubro de 2023.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as once horas e corenta e cinco minutos (11:45 h.) do día expresado “*ut supra*”, a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta do que eu, como Secretario municipal accidental, dou fe.

Autorízase o presente borrador da acta coa sinatura dixital do Sr. alcalde e do secretario municipal accidental, que dá fe, que se someterá a aprobación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano a expensas do que resulte da correspondente aprobación.

C.I.F. P-1503100-H